



Concello de Arbo
CIF: P3600100F

Praza Consistorio,1
36430 ARBO – (Pontevedra)
Telf.:986665000 - Fax. 986665011
E-mail:concellodearbo@concellodearbo.es

BASES DO CONCURSO DE COMPARSAS DO CONCELLO DE ARBO 2017

1. O Concello de Arbo convoca un concurso de comparsas para celebrar, o próximo domingo 26 de febreiro, o Entroido 2017, establecendo as seguintes categorías:
 - a. Comparsas de 15 ou máis membros
 - b. Comparsas de 5 ata 14 membros
 - c. Comparsas infantís (15 ou máis membros menores de 12 anos)
 - d. Mellor mascarita
2. Os que dexesen concursar, deberán anotarse nas oficinas municipais do Concello ata o 23 de febreiro as 13.00 h ou ata unha hora antes do inicio do desfile. No segundo caso a inscrición farase a persoal do Concello ou a algún Concelleiro identificado durante os momentos previos ao inicio do desfile.
3. O Xurado estará composto por 5 persoas designada polo Concelleiro de Cultura ou persoa en quen delegue entre os asistentes na Praza do Concello o evento e será o encargado de avaliar e puntuar as comparsas, comparsas infantís e as mascaritas. Poderá actuar como secretario/a do xurado unha persoa designada polo Concello que terá voz pero non voto.
4. A puntuación das comparsas, comparsas infantís e mascaritas realizarase de 1 ao número total de comparsas existentes. As puntuacións non se poderán repetir, é dicir, irán de 1 ao número total de comparsas ou mascaritas sen que se poida repetir ningún dos números comprendidos entre eses límites.
5. A puntuación das comparsas de 5 a 14 membros e das comparsas de 15 ou máis membros serán separadas.
6. O Xurado, na súa valoración terá en conta os seguintes criterios: a orixinalidade do motivo da comparsa; a festa ou balbordo que desenvolva a comparsa durante o desfile, a escenografía e o vestuario.
7. Para as comparsas de 15 ou mais membros, establécense 4 premios. A que obteña maior puntuación recibirá un premio de 450 euros. A segunda, un premio de 225 euros. A terceira un premio de 100 euros e a cuarta percibirá un premio de 50 euros.
8. No caso de que existan menos de 4 comparsas de máis de 15 membros, quedarán desertos os premios non cubertos pola ausencia de comparsas.
9. Para as comparsas de 5 a 14 membros establécense 4 premios. A que obteña maior puntuación recibirá un premio de 130 euros. A segunda, un premio de 70 euros. A terceira un premio de 30 euros e a cuarta percibirá un premio de 30 euros.

Concello de Arbo
CIF: P3600100F

Praza Consistorio,1
36430 ARBO – (Pontevedra)
Telf.:986665000 - Fax. 986665011
E-mail:concellodearbo@concellodearbo.es

10. No caso de que existan menos de 4 comparsas de 5 ata 14 membros, quedarán desertos os premios non cubertos pola ausencia de comparsas
11. Para as comparsas infantis (15 ou máis membros menores de 12 anos) establécense 4 premios. A que obteña maior puntuación recibirá un premio de 140 euros. A segunda, un premio de 70 euros. A terceira un premio de 30 euros e a cuarta percibirá un premio de 30 euros.
12. No caso de que existan menos de 4 comparsas infantis, quedarán desertos os premios non cubertos pola ausencia de comparsas
13. Para a mellor mascarita establécense 4 premios. A que obteña maior puntuación recibirá un premio de 70 euros. A segunda, un premio de 35 euros. A terceira un premio de 20 euros e a cuarta percibirá un premio de 20 euros.
14. No caso de que existan menos de 4 mascaritas, quedarán desertos os premios non cubertos pola ausencia de participantes.
15. A entrega dos premios realizarase o domingo día 26 de febreiro.
16. En caso de mal tempo, o desfile poderá ser cambiado de data.
17. Os premios estarán suxeitos a correspondente retención nos termos previstos na Lei 35/2006 de 28 de novembro reguladora do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas.
18. A entrega de premios quedara en todo caso supeditada a existencia de consignación orzamentaria na aplicación 330.48.
19. Participar no desfile e comparsas e inscribirse para a obtención de premios supón a aceptación íntegra destas bases.



Praza Consistorio,1
36430 ARBO – (Pontevedra)
Telf.:986665000 - Fax. 986665011
E-mail:concellodearbo@concellodearbo.es

ENTROIDO 2017

D./^a _____
_____ DNI _____ .en
representación da comparsa _____
_____ con domicilio
_____ Teléfono _____

SOLICITA:

- *A sua inscrición no CONCURSO DE COMPARSAS DO CONCELLO DE ARBO 2017 na categoría de:*

Comparsas de 15 ou máis membros

Comparsas de 5 ata 14 membros

Comparsas infantís (15 ou máis membros menores de 12 anos)

Mascarita

Arbo, a

Asdo: